

UNHA PARELLA DIFERENTE

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de MARC TAEGER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 23 x 30 cm. 32 páx. 16,50 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

Unha parella diferente (galego)

ISBN 978-84-8464-289-3. Álbum ilustrado. Demademora.

Una pareja diferente (castelán)

ISBN 978-84-8464-292-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Una parella diferent (català)

ISBN 978-84-8464-291-6. Àlbum iIllustrat. Obres d'autor.

Crocodilo e Girafa. Um par de namorados a sério (português)

ISBN 978-989-749-074-3. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Un día en que non tiñan nada que facer,

Crocodilo díxolle a Xirafa:

–Imos dar unha volta?

–E onde imos? –preguntou Xirafa–,

a Vilacrocodilo ou a Aldeaxirafa?...

Crocodilo e Xirafa namoráronse, construíron unha casa para os dous e emprenderon unha vida en común que, lamentablemente, deu coa incompreensión dos seus semellantes. Senllas visitas aos seus respectivos barrios deixáronlles unha desagradable impresión de como os demais valoraban a súa relación. Esta peculiar e entrañable parella padecía as miradas, burlas e murmurios dos seus conveciños, maiores e pequenos.

Con todo, sen importarlles as críticas alleas, non o pensaron dúas veces cando un repentino contratempo puxo en perigo unha familia. A altura de Xirafa e a habilidade de Crocodilo salvaron vidas, demostrando que a cooperación e a solidariedade son os alicerces da boa convivencia, por riba de calquera diferenza.

Ademais desta mensaxe, o relato tamén está cheo de humor, tanto nas ilustracións -que destacan polo seu colorido- como no texto, con simpáticos xiros lingüísticos: o “Auto Xiradilo” no que se desprazan Crocodilo e Xirafa é un bo exemplo desa fusión.

A serie complétase cos álbums «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha casa á medida](#)», «[Unha familia normal](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)».

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** o amor e a parella.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** modelos de familia, aceptación das diferenzas, tolerancia e convivencia; respecto; superación das dificultades, sentimentos; outros títulos da serie: «[Crocodilo namorado](#)», «[Unha casa á medida](#)», «[Unha familia normal](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)»; da autora de «[Bromas na escuridade](#)».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-parella-diferente-g>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

Estudou Educación Artística, Lingua e Literatura Alemás na Universidade de Augsburg -onde tamén foi profesora de debuxo-, ademais de realizar cursos de deseño gráfico e ilustración, completando a súa formación na Escola de Belas Artes de Múnic. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Visitando feiras internacionais de literatura infantil, a editorial Thienemann deulle a primeira oportunidade de publicar. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava e en cidades de Alemaña, Estonia, Rusia e Xapón, entre outros países. Os seus libros traducíronse a máis de 30 idiomas.

<http://daniela-kulot.de>

